

Incentivos para captar máis bolsas de alto nivel

STARTING GRANT A Consellería de Educación traballa nun convenio coas universidades galegas para incentivar a presentación de proxectos ante o Consello Europeo de Investigación (ERC) para optar a axudas nas súas distintas modalidades. Unha delas é a das bolsas Starting Grant, como a que vén de acadar o físico Diego Martínez Santos, que lle permitirá regresar a Galicia tras

térselle negado en dúas ocasións un contrato estatal Ramón y Cajal malia ter merecido o premio ao mellor físico experimental novo europeo.

O convenio asinarase a comezos de 2015 e estará dotado con 80.000 euros, que se sumarán á achega da Xunta de 1,4 millóns de euros para a estabilización de investigadores dentro do Sistema Universitario Galego. **ecg**



O voceiro do LHCb no CERN preside un tribunal de tese

USC O profesor de Oxford e voceiro do experimento LHCb no Laboratorio Europeo de Física de Partículas (CERN), Guy Wilkinson, presidiu onte en Física o tribunal de tese de Paula Álvarez Cartelle. A científica tamén foi avaliada por Diego Martínez, que vén de gañar unha prestixiosa Starting Grant; Tim Gershon, da Universidade de Warwick; Joaquim Matías, da Autónoma de Barcelona; e José Ángel Hernando, da USC. **ecg**

De delegación de Facenda a centro de investigación

PONTEVEDRA O PP presentará na Deputación de Pontevedra unha moción ante o pleno na que solicita ao Ministerio de Facenda a cesión en propiedade á institución do edificio de San Francisco –na céntrica praza da Ferrería da capital– para crear un centro de investigación e centralizar os arquivos de toda a provincia. A idea é que preserve “a memoria colectiva” de Pontevedra. **E.P.**

A matemática dos campus galegos lidera en España a transferencia ás empresas

Científicos e multinacionais buscan xuntos solucións a retos industriais // Santiago acolle unha unidade mixta con Repsol



Bermúdez de Castro; García San Luis, de Repsol; José Luis Maldonado, do INE, e Quintela, no foro Foto: Antonio Hernández

IOLANDA CASAL
Santiago

As tres universidades galegas constituíron en febreiro de 2013 o Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (Itmati) con vocación de convertelo nun centro de referencia internacional. Vinte meses despois, vén de estrear unha unidade mixta de investigación con Repsol, empresa para a que os matemáticos galegos teñen resolto problemas que achegan dende solucións para optimizar plataformas mariñas de

enerxía eólica a simuladores de reaccións químicas. Son só dous exemplos dos que se expuxeron onte no X Foro de Interacción Matemática Industria, un encontro celebrado na USC no que empresas multinacionais como Fujitsu, Grupo OHL ou a propia Repsol, explicaron retos concretos na procura de solucións no ámbito universitario.

As compañías expuxeron problemas relacionados coas infraestruturas, á acústica, as finanzas ou a transferencia de calor dos queimadores eléctricos,

ademais de coñecer o novo modelo de produción de estatísticas do INE. Presentáronse tamén o Máster en Técnicas Estatísticas e o de Matemática Industrial, que ofertan as universidades galegas xunto á Politécnica de Madrid e a Carlos III.

O Itmati procura con encontros como este afondar nunha relación que xa é frutífera: dende 1998, os grupos galegos asinaron case a metade dos cerca de 400 contratos entre institucións académicas españolas e empresas para a transferencia de tecnoloxía

matemática, recorda a catedrática Peregrina Quintela, directora do instituto e presidenta da Rede Española Matemática-Industria.

“Aínda que é certo que en Galicia non hai moito tecido industrial, temos relacións con grandes empresas que se van renovando, como Ferroatlántica, Endesa ou Inditex”, detalla. Iso si, o pasado con Repsol marca unha diferenza. “Na unidade mixta a empresa involúcrase de forma forte, aposta incluso polas teses de doutoramento e as publicacións de alto impacto científico”, explica.

A compañía achega 1 millón de euros ata 2017, ao que se suman fondos da Axencia Galega de Investigación e do Ministerio de Economía. A cambio, Repsol acada modelizacións matemáticas como a feita polo equipo de Alfredo Bermúdez de Castro para reaccións químicas, que evitan experimentos no laboratorio e permiten “aforrar tempo e chegar a mellores reaccións”, di Jesús García San Luis, director de relacións científicas de Repsol e codirector da unidade.

Outro exemplo do que a matemática pode facer pola industria ilustra o proxecto que o grupo de Bermúdez de Castro e compañeiros de Estatística desenvolven para Reganosa. “Construímos unha ferramenta de simulación e optimización de redes de gas. Como noutros casos, dun caso concreto podemos obter un modelo con máis aplicacións, neste caso universal, para calquera rede de gas”, comenta o catedrático.

Grandes retos como estes son ademais compatibles co apoio a empresas pequenas. “Os grupos de investigación sempre intentan atender tamén as demandas das pemes para que accedan a unha tecnoloxía que doutro xeito lles sería moi complicado acadar”, advirte Quintela.

Educación: as alegacións da UDC confunden

A Xunta advirte de que o control das prazas temporais é unha esixencia estatal

Santiago. A Consellería de Cultura e Educación emitiu onte un comunicado no que lamenta que a Universidade da Coruña (UDC) “insista en recorrer a prácticas equivocadas que confunden á opinión pública”. Dío en resposta ás alegacións que presentou a institución ao proxecto de lei de orzamentos da Xunta reclamando autonomía para a provisión de postos temporais do persoal docente e investigador, que agora precisan autorización previa do Goberno galego. A UDC propón no seu lugar un control a posteriori que permita axilizar a cobertura de necesidades docentes urxentes. Educación lémballe que é a normativa estatal a que esixe o control, toda vez que a Lei de orzamentos xerais do Estado restrinxe a contratación temporal de docentes a “casos excepcionais”.

“Dende o punto de vista da Consellería, nin a Xunta anula a autonomía das universidades nin o Parlamento galego debería ser o destinatario das demandas de rango estatal emanadas daquela institución”, prosegue o comunicado.

Educación engade que nas substitucións por baixa maternal hai un procedemento para pedir praza co curso empezado que “obriga” á Xunta a emitir unha autorización en 48 horas. “Se despois na universidade se demora semanas ou meses, xa non é responsabilidade da Xunta”, conclúe. **ecg**

“

Peregrina Quintela

DIRECTORA DO ITMATI

“Aínda que é verdade que en Galicia non hai moito tecido industrial, temos relación con grandes empresas”